

## PROXIMAS CAMPAÑAS DA AGENG.

Na última reunión celebrada en Santiago no mes de xuño, a Coordinadora da AGENG, aliás de valorar a campaña forestal, tratou do contido e coordinación de proximas campañas, a realizar xá no outono.

Destaca unha campaña de denuncia de impactos ambientais, que consiste na recopilación de informacións sobre impactos ambientais en toda a Galiza, para depois sacar un tríptico informativo con aqueles mais importantes. Todas as denuncias que cheguen a AGENG serán presentadas conxuntamente diante da Comisión Galega de Meio Ambiente. Elaborou-se unha ficha modelo coa finalidade de facilitar as denuncias e homoxeneizá-las na forma, que reproducimos aquí (Vexa-se a ficha).

Presentou-se o contido dunha campaña de defensa do lobo, coordinada por Biotopo, e outra de denuncia dun encoro que amiaza con destruír o val do Cenza, un dos poucos vales glaciares do noso país.

CONTACTOS: AGENG (Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza), Apdo. 949 Santiago de Compostela.



## A CUOTA LACTEA AFECTA NEGATIVAMENTE AO MEIO AMBIENTE

A Coordinadora de Organizacións (estatais) de Defensa Ambiental (CODA) apoia as reivindicacións dos labregos de ampliación da cuota láctea por parte da CEE, baseando-se en que o aproveitamento gandeiro constitúe un elemento imprescindible na conservación dos espazos naturais, principalmente naquelas zonas mais deprimidas, onde a conservación está necesariamente unida ao mantemento dun medio rural vivo e da cultura tradicional.

Considera a CODA que a esixencia dunha redución da produción láctea forzaría a abandono das explotacións a un escalofriante número de pequenos gandeiros, en xeral as explotacións menos intensivas, con repercusións gravísimas a nivel social e ambiental. Neste sentido, apunta que as alternativas que se vislumbran para muitas terras abandonadas (cultivos forestais para a industria papeleira, turismo de masas... ) contribuirán a un deterioro aínda maior destas comarcas.

Por último, a CODA valora que a imposición de cuotas lácteas aos gandeiros do Estado Español por parte da CEE é claramente inxusta e contradictoria ao espírito de 'solidariedade rexional' que a CEE di practicar.

## COMERCIO ILEGAL DE MADEIRAS DE CAOBA E OUTRAS ESPECIES TROPICAIS

Ecós do Sur e Amigos dos Indios elaboraron un informe sobre as importacións de madeiras tropicais, mais concretamente Caoba, procedentes de Brasil durante 1990. Esta madeira é talada en territorios indíxenas e zonas naturais protexidas, segundo fontes da propia Secretaria do Meio Ambiente do Brasil.

A caoba está actualmente esgotada naquelas zonas de Brasil onde era legal a súa tala para usos comerciais. Por elo, as empresas extractoras puxeron a súa atención nas reservas naturais, nas que hoxe sobreviven algunhas tribos indias.

A tala da caoba, a través de acordos 'pacíficos' cos xefes indios ou mesmo pola forza, o que é mais habitual, supón o desmoronamento das sociedades indias, e a súa merma pola desaparición do medio natural que os sustenta,

aliás da introdución de enfermidades contra as que os individuos destes povos non teñen defensas.

A importancia ecolóxica deste tema pode entender-se polo seguinte feito: por cada árbore de caoba que se tala, destrúen-se 1450 m<sup>2</sup> de bosque tropical, debido a súa dispersión pola selva. Esta actividade supón a construción de miles de quilómetros de estradas polo interior da selva, e a posterior introdución de rancheiros. O bosque tropical é así convertido nun pastizal, que ao cabo de uns anos ha de ser abandonado polo baixo rendemento, ficando gravemente deteriorado e mesmo desertizado. O primeiro eslabón desta cadea é, en muitas zonas da selva, a extracción da madeira de caoba.

**25000 TONELADAS DE  
CAOBA, OU 9 QUILOMETROS  
CUADRADOS DE SELVA  
DESTRUIDA.**

Segundo o resumo do informe, as empresas galegas importaron 25000 toneladas de caoba en 1990, o 58%



de todo o Estado español, con un volume de compra de 1000 millóns de pesetas. O custo da madeira foi de 4 ptas/kg. Galiza é con diferenza a comunidade que mais participa neste negocio. O prezo de compra é ridículo, competindo claramente coa produción galega de madeira autóctona de calidade.

Denúnciase o feito de que o 85% do conxunto de importacións procedentes de Brasil corresponden ao comercio de madeira de caoba, de forma que o comercio con Brasil se reduce practicamente a este tráfico ilegal, transixido polas autoridades galegas e españolas. A aportación galega a este comercio supón a destrución de 9 quilómetros cuadrados de selva amazónica cada ano.

ECOS DO SUR identifica entre as principais empresas dedicadas a importación de madeiras tropicais, as seguintes:

1) COMPAÑIA DE COORDINACION DEL COMERCIO. MI. COMERCIAL. Marín, Pontevedra.

2) MADERAS DEL NOROESTE, S.A. CR. San Pedro. Ferrol.

3) MADERAS IGLESIAS S.A. Cr. Madrid. Vigo.

4) MADERAS VILLAPOL S.A. Mn. Trabada. Trabada, Lugo.

5) MADERAS MENDAÑA S.A. Campolongo, Pontedeume.

Para mais información: ECOS DO SUR, Apdo. 677, 15080 - A Coruña. (Tlf. 628011).

## OS EUCALIPTOS: VIVOS, VERDES E BOS

Vivos, verdes e bos é o título dun programa de educación forestal levado a cabo por Eurogalicia Forestal (EF) no norte da provincia de A Coruña. Hai que recoñecer que, polo de hoxe Eurogalicia Forestal é a celulosa que menos contamina, cumprindo o nivel cero de emisións industriais contaminantes. Entre as actividades que realiza esta empresa figura a que describemos a continuación.

Un número non determinado de empregados adican-se en corpo e alma á educación ambiental dos mais peque-

nos, figurando entre os seus obxectivos mellorar o coñecimento que os escolares dos concellos de Cariño, Cerdeira, Cerdido, Mañón, Moeche, Ortigueira, San Saturniño, Somozas e Valdoviño teñen de árbores como o carballo, o ameneiro, o vidueiro, o teixo e o acibo, entre outros, aliás do eucalipto. Así, explican-lle a nenas e nenos que o carballo serve para alimentar aos porcos e é útil como combustible, mentres que especies protexidas como o acibo e o teixo son adecuadas para todos os traballos de ebanistería.

Mentres tanto, a Declaración de Efeitos Ambientais do proxecto de EF para As Pontes estableceu un prazo de tres meses para a realización dun estudo experimental de un ano de duración sobre os efectos dos vertidos residuais nas escombreyas de Endesa. Cando xa pasaron 18 meses do prazo concedido, o estudo aínda non foi comezado.

Será que os técnicos de EF considerarán mais fácil educar dócilmente ás futuras xeneracións galegas que evitar os efectos tóxicos dos vertidos da celulosa que queren instalar en As Pontes?. Algo así debe estar sucedendo.

## PRÉCIOS A BAIXA PARA A MADEIRA DE EUCALIPTO.

Se o norte da provincia de A Coruña é ámbito de actuación de EF, o norte da de Lugo é-o de CEASA (Celulosas de Asturias, S.A.), que tén a súa fábrica en Navia (Asturias) pero obtén a maior parte da madeira de eucalipto na costa norte de Galiza. Nun proxecto EUREKA en colaboración con outra empresa inglesa, que din ter como obxectivo fomentar o desenvolvemento rural apuntan que *"para poder sobrevivir a largo plazo, CEASA tendrá que desarrollar un recurso de bajo coste, porque los costes madereros españoles son el triple de los de competidores brasileños"* e concluen: *"el camino a seguir es reducir el costo de la madera"*. Non cabe dúbida que a situación internacional vai a provocar nos próximos anos unha forte caída nos prezos da madeira de eucalipto na Galiza, seguramente de forma independente da instalación ou non de novas fábricas de celulosa.

## PROXIMAS MOVILIZACIONES CONTRA OS VERQUIDOS NAS RÍAS

A toma de conciencia sobre o problema dos verquidos nas rías está a se xeralizar entre os mais directamente perjudicados: os bateiros e os mariscadores (non esquezamos que tanto o mexilón como a ameixa son moi sensibles á contaminación). Xa hai dous anos a mobilización deste sector productivo, apoiado desde o principio polas organizacións ecoloxistas e os partidos da esquerda nacionalista, foi quén de paralizar indefinidamente a construción dun varadeiro (instalación para o pintado e pequenas reparacións de barcos) na Póvoa do Caramiñal nunha zona onde este puña en perigo a continuidade dun polígono mexiloeiro e de varios bancos de ameixa. A paralización fixo-se efectiva, a pesar de que un dos seus valedores era o daquela alcalde Segundo Durán Casais, parlamentario do PP, que perdería moi logo o cargo, en gran parte pola súa actuación neste conflito.

A finais do pasado mes de agosto, constatou-se en Esteiro algo que xa de atrás se viña sospeitando: que a inusual mortandade nos polígonos mexiloeiros de Esteiro (Muros) tiñan como causa os verquidos que a conserveira Calvo posúe neste ría. A partir dese momento, non só os ecoloxistas senón tamén a propia OPMAR, organización que agrupa a maioría do sector mexiloeiro galego pasou a tomar cartas no asunto, realizando declaracións nas que critican a situación actual dos verquidos nas rías, e cuestionan a política de apartá-los uns poucos metros da praia e da costa, para alonxá-los dos bañistas, por medio de emisarios submarinos. O anuncio da preparación de próximas mobilizacións para atallar este problema que tamén se incluiu en tais declaracións non pode ser menos que saudado polos ecoloxistas pois as súas reivindicacións de vello forman parte da nosa axenda: o saneamento das rías e a recuperación das zonas mais degradadas e a depuración integral dos verquidos urbáns e industriais.




## E AGORA, DEIXANSE MORRER OS CARBALLOS

por Xosé Salvadores

Unha nova praga abátese sobre os restos dos nosos maltreitos bosques. Primeiro foi a tala incontrolada de especies autóctonas, logo os incendios, a proliferación de especies exóticas, a praga da procesionaria nos piñeirais, o Plan Forestal, e agora aparece a feroz praga da altica que ataca, inmisericorde, os últimos carballos que lograron sobrevivir a tanta saña. A vista que ofrecían este verán os carballos deste país era patética; mentres, os responsables non saben/non contestan sobre as medidas que van tomar para loitar contra este insecto voraz que cada ano avanza inexorable na súa destrucción, favorecido por non se sabe qué causas

A praga da procesionaria, a pesar de estar o país infestado cos seus ben patentados niños, colleu por sorpresa a unha Administración que non soubo senón recoñecer o seu despiste e agardar tempos mellores que non beneficiasen a tan molesta eiruga. Coa altica está a pasar outro tanto: a praga, extendida xa a toda a nosa xeografía, é un problema serio a resolver ó ter que tratar tanta superficie, sobre todo se hai que recorrer a produtos fitosanitarios, de consecuencias imprevisibles.

VERTIDOS  
CONTAMINANTES  
DA FABRICA  
DE LACTEOS CELTA

Adega denunciou a contaminación provocada polos vertidos residuais da fábrica de produtos lácteos Celta, nas proximidades de Campolongo, Pontedeume, que afecta aos ríos e regatos da zona.

Así, no referido a sólidos en suspensión, materia orgánica e fosfatos, as augas dun regato próximo ao que chegan os vertidos da fábrica non poden ser

potabilizadas, nen siquiera de estarmos dispostos a aplicar o tratamento máis intenso. A respecto das condicións de vida para os peixes, as concentracións de amoníaco e fosfatos, así como as de sólidos en suspensión, superan os valores lexislados, tanto para salmónidos (salmón, truita) como para ciprínidos.

Denúncia-se a existencia de canais ou lagoas de tratamento que carecen das medidas de seguridade mínimas. Supoñen un perigo real para calquera persoa que se acerque a zona (fincas de cultivo e monte), que facilmente pode caer nun destes canais, xa que non teñen ningún tipo de protección. Carecen asimismo de impermeabilización do fondo, de modo que poden estar a causar a

contaminación de augas subterráneas e manantiais habitualmente utilizados para o abastecimento.

VECIÑO DE  
CORRUBEDO ALERTA  
SOBRE A SITUACIÓN  
ACTUAL DO PARQUE  
NACIONAL

Ante a deixadez e falta de medidas en torno ao recién creado Parque Nacional, S.G., veciño de Corrubedo, fixo-nos chegar unha carta participando-nos a súa preocupación. O Parque Nacional do Complexo Dunar-Lagoar de Corrubedo suscitou controversias xa no que respecta ao seu nome, pois tamén foi reclamado como Parque de Olveira. Cuestións como ésta, non meramente toponímicas, deixaban translucir intereses de outra índole (nesta pugna o PP de Corrubedo levou-lle a dianteira aos seus iguais de Olveira).

No entanto, o desconcerto veciñal é grande. Os veciños reclaman o dereito de dispor das terras que sempre lles pertenceron máis como única resposta da Administración reciben frases de dilación e macroreunións nas que non se lles clarea nada. Actuación ésta pouco sorprendente pois semella encaixar moi ben co caos e desinformación reinantes na zona. Nen un só panel delimitativo e explicativo facendo mención ao que é o Parque, nen por qué o é,, nen restricións de usos, nen roteiros na zona coas correspondentes infraestructuras...nada. Con todo, o Servicio de Medio Ambiente Natural de Coruña contratou a dous vixiantes e catro informadores desprovistos asemade de calquer folleto ou material informativo. Será que média dúcia de persoas "cobrindo a zona" son máis efectivas que calquera outra medida de protección e coidado?

Remataba o noso amigo de Corrubedo suliñando a necesidade dun Plan de Uso e Xestión no que tanto veciños, como persoas e colectivos implicados na loita pola conservación do Complexo Dunar-Lagoar e no seu estudo, participaran con voz e voto.